

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

- 12346** Orde TEC/921/2018, do 30 de agosto, pola que se definen as liñas que indican os límites cartográficos principais dos ámbitos territoriais das confederacións hidrográficas de acordo co establecido no Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.

O Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, fixa, no seu artigo 1, os ámbitos territoriais das confederacións hidrográficas do Cantábrico, Miño-Sil, Douro, Texo, Guadiana, Guadalquivir, Segura, Xúcar e Ebro, en desenvolvemento do previsto no artigo 22.3 do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, que ao respecto establece que o ámbito territorial dos organismos de bacía se definirá regulamentariamente e comprenderá unha ou varias bacías indivisas, coa soa delimitación derivada das fronteiras internacionais.

Por outro lado, no artigo 2 do citado Real decreto 650/1987, do 8 de maio, establécese que os ámbitos territoriais dos plans hidrolóxicos coincidirán cos ámbitos territoriais das demarcacións hidrográficas que se delimitan mediante o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

Resulta evidente que, por motivos de coherencia e seguridade xurídica, a delimitación do ámbito territorial das bacías hidrográficas que resulte de ambas as dúas normas debe ser coherente, e iso, especialmente, dada a tesitura de que as bacías hidrográficas se integran no concepto territorialmente máis amplo de demarcación hidrográfica previsto no artigo 16 bis do texto refundido da Lei de augas, que incorporou este e outros aspectos mediante a Lei 62/2003, do 30 de decembro, con motivo da transposición no Reino de España da Directiva marco da auga, e que, como manifestou o Tribunal Constitucional no FX 7.º na súa Sentenza 149/2012, do 5 de xullo, son «institucións diferentes que se estenden a ámbitos territoriais diversos. A bacía comprende unicamente as augas que discorren polo territorio, é dicir, pola zona terrestre ou continental, mentres que a demarcación inclúe tamén as augas de transición e as augas costeiras, configurándose como o ámbito non só para a xestión das bacías senón tamén para a aplicación das normas de protección ambiental das augas establecidas no texto refundido da Lei de augas para as augas continentais, as de transición e as costeiras».

Na práctica, o procedemento usado para a delimitación territorial das bacías e as demarcacións hidrográficas nas mencionadas normas regulamentarias é unha descrición textual que identifica polo seu nome as bacías hidrográficas ou a parte destas que inclúe cada ámbito e, se é o caso, sinala os puntos de corte das correspondentes divisorias hidrográficas coa liña de costa. Cando se entendeu necesario, a descrición inclúe a asignación a un ou outro ámbito territorial de determinadas bacías endorreicas tanxentes á traza das divisorias hidrográficas principais.

Non obstante, con todo o anterior non se inclúe unha delimitación cartográfica precisa que concrete a liña exacta que sinala o límite entre uns e outros ámbitos, cuestión que, en ocasións, dá lugar a controversias fundamentadas na utilización de distintas bases topográficas de referencia para o trazado cartográfico das divisorias hidrográficas. En efecto, en zonas de relevo suave, a utilización dun e doutro modelo de elevacións pode dar lugar a desprazamentos significativos na traza cartográfica das divisorias hidrográficas. Estes desprazamentos poden mesmo traer como consecuencia que unha determinada explotación de auga quede dentro do ámbito territorial dun ou doutro organismo de bacía.

O problema indicado resolveuse para un tramo da liña divisoria entre os ámbitos do Guadiana e do Xúcar na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha mediante a Orde

ARM/3797/2008, do 16 de decembro, pola que se define a liña común de delimitación dos ámbitos territoriais das confederacións hidrográficas do Guadiana e do Xúcar na zona comprendida entre o límite dos termos municipais de Casas de Haro e Pozoamargo, na provincia de Cuenca, e o límite entre os termos municipais de Villarrobledo e Munera, na provincia de Albacete.

Un segundo problema aparece cando existen zonas endorreicas tanxentes á divisoria hidrográfica cuxa asignación ao ámbito dun ou doutro organismo de bacía non se explicita nas normas regulamentarias de delimitación antes mencionadas. Neste caso, como regra xeral, estas bacías endorreicas asignanse ao ámbito cara ao que desbordarían as súas augas no hipotético caso de que así acontecese. Exceptúanse desta regra xeral casos especiais e concretos en que o funcionamento hidrolóxico real aconsella vincularlos a unha determinada bacía hidrográfica e non a outra, con independencia do destino de hipotéticos desbordamentos. Esta solución excepcional usouse unicamente cando existiu acordo entre os organismos de bacía implicados: Cantábrico, Douro e Ebro.

Na actualidade dispónse de modelos dixitais de elevacións de gran precisión, que permiten realizar análises específicas de moito detalle en zonas onde a traza da divisoria hidrográfica podería ser discutida. Mediante tecnoloxía LIDAR («*Light Detection and Ranging*»), dispónse de rexistros da información topográfica nacional con detalle de 1,2 metros de resolución planimétrica espacial e precisión decimétrica na cota. Esta información bruta foi procesada polo Instituto Xeográfico Nacional en produtos finais a 5 metros de resolución e tamén a 1 metro de resolución espacial.

O Centro de Estudos Hidrográficos do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (Cedex), partindo dun modelo de 25 metros de resolución espacial, delimitou con detalle os ámbitos territoriais dos plans hidrolóxicos aprobados mediante o Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Xúcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Douro, Texo, Guadiana e Ebro.

Polo tanto, e facendo uso das mellores tecnoloxías dispoñibles na data de hoxe, establécese mediante a presente disposición a traza cartográfica das liñas divisorias principais que delimitan o ámbito territorial dos organismos de bacía. Non se modifica formalmente o texto do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, nin o do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, dado que estes se limitan á descrición xenérica dos ámbitos territoriais. Non obstante, facendo uso da potestade regulamentaria atribuída ao titular do departamento, complétase e precísase polo miúdo a dita delimitación, que deberá ser a partir de agora a utilizada para os efectos da aplicación de ambos os dous reais decretos, de maneira que os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e demarcacións hidrográficas deberán adecuar e axustar as súas actuacións ao sinalado na cartografía a que se refire a presente orde.

A delimitación cartográfica precisa, resultante dos traballos realizados, con fundamento no indicado en parágrafos anteriores, constitúe unha disposición administrativa de carácter xeral, que se dita ao abeiro da disposición derradeira do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, que autoriza o entón Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, que nese momento tiña asumidas as competencias sobre a auga para ditar cantas disposicións exixa o cumprimento do dito real decreto e, especialmente, para resolver calquera conflito que se puidese suscitar entre distintas confederacións hidrográficas en relación coa delimitación dos ámbitos territoriais definidos neste.

Na tramitación desta norma consultáronse as comunidades autónomas e os representantes dos sectores afectados. Ademais, o Consello Nacional da Auga emitiu informe sobre ela.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Delimitación dos ámbitos*

1. O obxecto da presente orde é delimitar cartograficamente os ámbitos territoriais das nove confederacións hidrográficas para todos os efectos previstos no texto refundido

da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo; no Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, e no Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

O ámbito territorial dos organismos de bacía a que se fixo referencia no parágrafo anterior será o que determina a cartografía detallada dos seus límites, que se concreta no arquivo dixital das liñas divisorias principais que publica o Ministerio para a Transición Ecolóxica no seu nodo da infraestrutura de datos espaciais, baixo a denominación «Límites cartográficos das confederacións hidrográficas», a que se accede publicamente a través do portal web conxunto dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e para a Transición Ecolóxica.

2. Desde o mesmo sistema é posible a descarga do arquivo comprimido coa citada información espacial. O código criptográfico (*hash*), que utilizando o algoritmo MD5 identifica o dito ficheiro, é o seguinte: «73 db 04 3e fb 6c 87 2b 54 ab 12 7e 4b 4c e4 89».

Disposición adicional primeira. *Inscripción no Rexistro Central de Cartografía*

Darase traslado do arquivo de delimitación cartográfica, a que se fai referencia no artigo único, ao Rexistro Central de Cartografía adscrito ao Ministerio de Fomento a través da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, co obxecto de cumprir o establecido no Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema cartográfico nacional.

Disposición adicional segunda. *Adaptación da cartografía por parte das confederacións hidrográficas*

No momento da entrada en vigor desta disposición as confederacións hidrográficas estarán obrigadas a adaptar a súa cartografía ao contido do arquivo citado no número 2 do artigo único.

Disposición transitoria única. *Habilitación en favor da Dirección Xeral da Auga*

A Dirección Xeral da Auga, unha vez que se acorde o sistema de xestión dos servidores do Ministerio para a Transición Ecolóxica, queda habilitada para publicar no «Boletín Oficial del Estado» o enderezo URL a que se refire o artigo único.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Derrógase a Orde ARM/3797/2008, do 16 de decembro, pola que se define a liña común de delimitación dos ámbitos territoriais das confederacións hidrográficas do Guadiana e do Xúcar na zona comprendida entre o límite dos termos municipais de Casas de Haro e Pozoamargo, na provincia de Cuenca, e o límite entre os termos municipais de Villarrobledo e Munera, na provincia de Albacete.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de agosto de 2018. -A ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera Rodríguez.